



C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

D. JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Fornelos de Montes,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e tres, adoptou, entre outros, o acordo do que o seu contido se transcribe na súa literalidade, a expensas do que resulte da aprobación definitiva da acta:

“

8º.- Expediente 697/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN BANDA DE GAITAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Vista a solicitude presentada o 13 de decembro de 2023 (Rexistro de entrada nº 2023-E-RE-517) de axuda económica presentada por D. Hipólito Cabezas Gómez con DNI. nº 36.108.286-B en calidade de representante legal da Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra con CIF nº G-27.857.721, no que solicitan unha subvención por importe de cinco mil oitocentos euros (5.800,00 €) para a organización da actividade cultural de Escola de Gaitas Concello de Fornelos de Montes (expte. nº 697/2023).

Visto que entre os obxectivos do Concello atópase o de promover a cultura.

Tendo en conta que na base de execución vixésimo primeira do orzamento do exercicio 2023, recóllese unha subvención nominativa a favor da Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra.

Vista a existencia de crédito na partida orzamentaria 334.48 no citado orzamento.

Previa deliberación a Xunta de Goberno Local, por delegación por Decreto de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 das competencias atribuídas no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1. s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder á Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra con CIF nº G-27.857.721 unha subvención nominativa polo importe de cinco mil setecentos vinte euros (5.720,00 €), para a organización da actividade cultural de Escola de Gaitas Concello de Fornelos de Montes, e aprobar o gasto correspondente na partida 334.48 do orzamento vixente pola mesma cantidade, por estar previsto na base núm. 21ª das de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2023.

Segundo.- Proceder a asinar o convenio de colaboración entre o Concello de Fornelos de Montes a e a Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra, de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.





Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado.....”

O que se expide aos efectos oportunos, co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Emiliano Lage Rodríguez, en Fornelos de Montes, na data da sinatura electrónica.

O secretario-interventor

**Vº e praxe
O alcalde**

